

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/10/2021 14:25:10

SAIDA

16752/21



Reclamante:
Expediente. **RSCTG 121/2021**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 17 de agosto de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de outubro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro: presentou, mediante escrito con data de entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 17 de agosto de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo de varias solicitudes á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de emisión de certificacións e aportación de copia de documentación referida ao Tecor .

O reclamante indica que non recibiu resposta á súa petición. Coa súa reclamación, achega un escrito que ten data de 16 de agosto de 2021, no que relata o procedemento de creación do referido Tecor, a normativa que lle é de aplicación, a documentación que debe acompañarse ao expediente de creación e os dereitos dos titulares dos terreos.

Afirma que solicitou á Consellería de Medio Ambiente 47 veces que certificase a existencia da documentación do Tecor, sen ter obtido a mesma.

Entre o solicitado, figura petición de documentación que considera que o Tecor tiña que presentar, como o Plan quinquenal de Ordenación cinxética e acreditación da renovación da concesión, dos que afirma que non constan no expediente.

En escrito que ten data do 16 de agosto de 2021, reitera que presentou ante a Consellería de Medio Ambiente 47 formularios de documentación e información referente ao expediente de creación do referido Tecor, e sinala o que considera anomalías na tramitación do referido expediente e incumprimentos polo Tecor das condicións de autorización.

Segundo.- Con data do 3 de setembro de 2021, solicitouse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a remisión de copia do expediente e de informe sobre a reclamación presentada.

Terceiro. Con data do 21 de setembro de 2021 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

No informe da Xefatura Territorial da Coruña que se remite, en síntese se indica que o reclamante iniciou a presentación de solicitudes de información por rexistro o 10 de setembro de 2018, pedindo, en tres escritos diferentes, determinada información en relación co Tecor de [REDACTED] e outra información xenérica relativa á normativa de caza, das que se lle deu contestación nas que se lle remitiu información e documentación con data do 26 de novembro e 4 de decembro de 2018.

Con data do 18 de decembro de 2018, unha persoa xurídica da cal é representante o reclamante, presentou solicitude de novos datos complementarios sobre o proceso de constitución do Tecor e o coto privado que lle precedeu, que foi contestada con data do 22 de decembro dese ano.

Consta unha terceira solicitude complementaria de información presentada pola mesma persoa xurídica á que se lle deu contestación con data do 10 de xaneiro de 2019.

Con data do 4 de febreiro de 2019, o reclamante solicitou copias de diversa documentación que obra no expediente, solicitude que resolveuse con data do 12 de marzo de 2019.

Con data do 9 de marzo de 2019, a citada persoa xurídica solicita mais datos relacionados co Tecor, solicitude sobre a que se resolve con data do 1 de abril de 2019.

Con data do 3 de xuño de 2020, o interesado volveu a solicitar copias das autorizacións expresas outorgadas ao Tecor. Polo Servizo de Patrimonio Natural requiríuselle para que previamente a facilitarlle esta información, presentase unha solicitude de información particular segundo modelo PRO13A e que acreditase a súa condición de interesado en cada procedemento.

Con data do 17 de novembro de 2020, polo Servizo do Patrimonio Natural emitiu informe sobre as 10 queixas presentadas polo interesado no que se enumeran todas as solicitudes

anteriores que xa foron contestadas en 2018 e 2019, entre as que se atopan solicitudes de emisión de informes ou certificados, que non se corresponde coa normativa de transparencia.

No referente á reclamación que deu lugar ao expediente RSCTG 121/2021, correspóndese coa solicitude de información pública presentada o 30 de maio de 2021.

Considera o informe en relación á solicitude de acceso á informe, que a interpretación do artigo 18.1 e) da Lei 19/2013 (referida á causa de inadmisión de solicitudes que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo), non basea o exercicio abusivo do dereito nun criterio cuantitativo (número de solicitudes presentadas), senón cualitativo (características da solicitudes presentadas e antecedentes da mesma), e estes son aspectos que deben compatibilizarse en casos como o presente, no que se solicita documentación correspondente a 20 anos.

No presente caso, e de acordo co criterio do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, considera que existiu un exercicio excesivo e indiscriminado do dereito de acceso, solicitando de forma reiterada a mesma documentación, información que ven solicitando dende o ano 2018 dun xeito continuado, solicitudes que foron resoltas e notificadas.

Considérase que excede manifestamente os límites normais do exercicio dun dereito, neste caso o de acceso aos expedientes de 20 anos, especialmente tendo en conta que non é posible solicitar ao reclamante que concrete ou acote a súa petición, xa que expresamente solicita todo.

De acordo co anterior, por Resolución do 20 de setembro de 2021, inadmitiuse a solicitude.

Cuarto.- Con data do 27 de setembro de 2021, a Secretaría Xeral Técnica, a fin de completar o expediente, remite copia da Resolución do 24 de setembro de 2021 da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de convalidación da resolución da Xefatura Territorial de A Coruña do 20 de setembro de 2021 relativa á solicitude do interesado e copia da notificación electrónica da Resolución ao mesmo.

Nos antecedentes da resolución, faise constar que o interesado manifesta que no expediente de constitución do Tecor aprobado en agosto de 2001, non se cumpriron os requisitos esixidos pola Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, polo que os funcionarios da Xunta de Galicia levarían 21 anos cometendo varios delitos de prevaricación.

O interesado iniciou a presentación de solicitudes de información sobre o Tecor con data do 10 de setembro de 2018, así como outra información xenérica relativa á normativa de caza, solicitudes que lle foron contestadas dende o Servizo de Conservación da Natureza da Coruña.

Así mesmo constan contestadas as súas solicitudes do 26 de novembro de 2018, incluídas as cuestións xerais sobre a normativa de caza e sobre a constitución dos tecores, do 18 de decembro de 2018, sobre novos datos complementarios sobre o proceso de constitución do Tecor e determinados aspectos do cumprimento da legalidade vixente no momento da constitución do Tecor e cambios na titularidade dos dereitos cinexéticos dos terreos pertencentes ao mesmo. Con data do 22 de decembro de 2018, concedéuselle acceso a novos datos e informóuselle de diversas cuestións solicitadas. Á solicitude de información presentada con data do 9 de decembro de 2018, déuselle contestación con data do 10 de xaneiro de 2019, de acceso aos datos solicitados. Se lle concedeu acceso con data do 12 de marzo de 2019, ás copias de diversa documentación solicitada con data do 4 de febreiro de 2019, entre os que se atopan os Plans anuais de aproveitamento cinexético. Remítese nova información con data do 11 de abril de 2019, referida a axentes medioambientais, batidas por danos de xabaril, informes dos axentes medioambientais, e sancións ao Tecor dende a súa creación.

Respecto da afirmación de que o Tecor constituíuse ilegalmente, se lle dá unha explicación da normativa que lle é de aplicación.

Con data do 13 de marzo remitíuselle nova documentación sobre a constitución do Tecor e a súa ordenación cinexética.

E finalmente, con data do 20 de setembro de 2021 ditouse pola resolución pola que se inadmite a súa solicitude de obtención de copias de todos os expedientes ao atoparse entre os supostos previstos no artigo 18.1.e) da Lei 19/2013, polos motivos que figuran nos seus fundamentos.

Quinto.- Con data de entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 13 de outubro de 2021, o reclamante presenta escrito de reclamación contra a Resolución do 24 de setembro de 2021, de convalidación da resolución da Xefatura Territorial de A Coruña do 20 de setembro de 2021.

Non dito escrito, prescindindo das valoracións realizadas polo reclamante sobre persoal da Consellería e sobre materias non relacionadas co dereito de acceso á información, en resume alega que os límites dos art. 14 e 15 da Lei 19/2013 non son de aplicación, que non se lle contestou a ningunha solicitude das efectuadas nos anos 2019 e 2020, que a única solicitude que se repite é a de entrega de copia dos documentos que acrediten que o Tecor presentou o 12 de decembro de 2000 ou posteriormente, a documentación da cesión dos dereitos cinexéticos das parcelas, que non foi contestada nunca.

Considera o reclamante que a resolución de convalidación dá por válidos os parágrafos 17 e 20, nos que se fai referencia a que de acordo coa normativa de aplicación, o Tecor non

necesitaba acreditar a cesión de terreos e que a ausencia de acordos expresos de cesión de dereitos cinxéticos no expediente de constitución do Tecor non presupón ningún incumprimento da Lei 4/1997, do que o reclamante afirma que a súa inexistencia é unha ilegalidade.

Afirma o reclamante que a súa solicitude de tramitación de procedemento de exclusión da caza no seu predio, e na que solicita unha medida cautelar de prohibición da caza nos seus terreos, que se concreta en solicitude de inicio e tramitación dos expedientes necesarios para a exclusión do predio do Tecor, de prohibición total de caza no predio de prohibición de acceso ao predio de persoas alleas a propiedade ou sen autorización e de medida cautelar de prohibición de acceso ao predio aos membros do Tecor, non foi contestada.

Reitera que presentou 19 solicitudes de Información, distintas cada unha e que só foron contestadas 2, polo que faltan por contestar 17, que non son repetitivas senón distintas.

Considera que o argumento reflectido na resolución de convalidación segundo o cal se lle inadmite a súa solicitude de obtención de copias de todos expedientes do Tecor por atoparse entre os supostos previstos no artigo 18.1.e), é inadmisibile e non aplicable polo que a resolución de convalidación é nula. Así mesmo, considera que o argumento de que o interesado debe concretar a súa solicitude, xa que facilitarlle copia de todo o relacionado co Tecor claramente impediría o funcionamento normal do Servizo do Patrimonio Natural non é aceptable.

O reclamante considera que ten dereito a obter copia íntegra de todo ou expediente e que se non existen os documentos solicitados, o Tecor estaría en situación ilegal.

Comunica que con data do 5 de setembro de 2021, solicitou no servizo de Caza da Xefatura Territorial da Coruña, que se lle certificasen unha serie de aspectos relacionados co Tecor e copias de determinadas autorizacións e informes emitidos pola Consellería e que é parte da documentación solicitada desde 2018, é a documentación que acredite que o Tecor obtivo a cesión de dereitos cinxéticos dos terreos incluídos no ámbito xeográfico do mesmo, que procedeu á renovación dos dereitos cinxéticos, a documentación que acredite a presentación dos plans quinquenais, que se expediron/outorgaron autorizacións expresas ao Tecor para poder cazar en zonas que sufriron incendios forestais e que cumpriu as condicións reflectidas no documento de aprobación do Tecor do ano 2001. O reclamante considera que dado que non se lle remitiu esa información, é que non existe.

Sexto.- Con data do 14 de outubro de 2021, solicitóuselle a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a emisión de informe sobre o contido do escrito presentado polo reclamante contra a Resolución do 24 de setembro de 2021, de convalidación.

Sétimo.- Con data do 21 de outubro de 2021, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo oficio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co que se remite informe da Xefatura Territorial sobre o escrito presentado polo reclamante contra a Resolución de convalidación do 24 de setembro de 2021.

No dito informe en resumo, faise constar que con data do 26 de novembro de 2018, remitíuselle ao interesado información solicitada referida á solicitude de declaración do Tecor e á documentación que nel consta (memoria, Plano de delimitación, relación de parcelas incluídas, plan de Ordenación cinexética, trámite de información pública, sesión do Comité de caza provincial), informe sobre a normativa de aplicación á solicitude da resolución de aprobación provisional, data de sinatura de transformación do Couto Privado en Tecor (con indicación da solicitude, lexislación que lle é de aplicación, data de aprobación do couto), normativa aplicable en materia de concesión de batidas, épocas hábiles de caza, medidas de control por danos e os réximes especiais por especies, procedemento para autorizar batidas e documentación que se debe achegar e outros aspectos relacionados co exercicio da caza, e se lle indica a forma de poñerse en contacto co servizo para consultar algunha problemática concreta que lle afecte.

A solicitude foi presentada novamente polo interesado con data do 26 de novembro de 2018, á que se lle deu resposta con data do 4 de decembro do 2018.

Con data do 18 de decembro do mesmo ano, unha persoa xurídica da cal é representante o reclamante solicitou novos datos complementarios sobre o Tecor e o coto privado que lle precedeu, que foi contestada con data do 22 de decembro de 2018, concedendo o acceso aos datos solicitados (constitución do tecor e os cambios na titularidade dos dereitos cinexéticos dos terreos incluídos no mesmo).

Nas mesmas datas, a persoa xurídica da que é administrador o reclamante, presentou outra solicitude de información complementaria relativa ao Tecor, da que se lle da resposta o 3 de xaneiro de 2019, coa informe referente a datos dos tecores extremeiros, información referente á relación de presidentes do Tecor, o seu réxime cinexético, enderezo, batidas, e autorizacións outorgadas ao Tecor que se detallan no informe.

Con data do 4 de febreiro de 2019, o interesado solicitou copias de diversa documentación do expediente do Tecor do que se lle concedeu acceso con data do 12 de marzo de 2019.

Con data do 9 de marzo de 2019 a persoa xurídica da que é administrador único o reclamante solicitou nova documentación referida a axentes medioambientais, batidas por danos de xabaril nos últimos 5 anos, informes dos axentes medioambientais sobre as solicitudes de batidas por danos, sancións ao Tecor dende a súa creación, sobre a que se concedeu o acceso con data do 11 de abril de 2019.

Con data do 3 de xuño de 2020, o interesado solicitou copias das autorizacións expresas outorgadas ao Tecor dende 2008 e posteriormente remitiu dez queixas á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa sobre as que se realizou un informe con data do 17 de novembro de 2020.

En diversos escritos presentados o reclamante solicita a emisión de informes ou certificados, o que non se correspondería coa normativa de transparencia e de acceso a información pública (xa que o acceso á dita información non implica a xeración de documentos novos) e con data do 30 de maio de 2021, solicita que se lle proporcionase copia completa de todo o expediente do Tecor, escrito ao que se lle deu contestación con data do 20 de setembro de 2021, inadmitíndose o mesmo, por tratarse dun exercicio excesivo e indiscriminado do dereito de acceso á información, solicitando de forma continuada dende o ano 2018 documentación sobre o Tecor, solicitudes que foron resoltas e notificadas.

Baséase así mesmo en que a solicitude excede manifestamente os límites normais do exercicio dun dereito, neste caso o de acceso aos expedientes de 20 anos, especialmente tendo en conta que non é posible pedirlle que concrete ou acoute a súa petición, xa que expresamente solicita todo e facilitarlle copia de todo o relacionado co Tecor dende a súa solicitude de constitución no ano 2000 ata a actualidade, claramente impediría o funcionamento normal do Servizo do Patrimonio Natural.

Considera o informe que os termos vexatorios e despóticos que emprega o reclamante nos seus escritos, e a imputación de delitos a funcionarios, afecta en si mesma ao exercicio do dereito á información pública, excedéndose do obxecto e finalidade da propia norma, sendo unha actitude claramente abusiva e desproporcionada, non xustificada coa finalidade da Lei 19/2013.

No informe danse explicacións sobre a cesión dos dereitos cinexéticos das parcelas do citado Tecor, e se tal cesión era esixible legalmente, sobre a afirmación do reclamante de que o Tecor constituíuse ilegalmente, sobre a necesidade de renovar os dereitos do Tecor, concluíndose que informouse ao reclamante das cuestións relacionadas cos dereitos cinexéticos do Tecor, a pesar do cal, continúa insistindo nas súas peticións e nas súas interpretacións erróneas sobre as leis de caza.

Considera o informe que a resolución do 20-09-2021 da xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda na Coruña é a denegación dunha solicitude de información particular, distinta á que motiva o expediente RSCTG 121/21, na que pedía a identificación das autoridades e persoal responsables da tramitación da aprobación do Tecor que non está relacionada co expediente RSCTG 121/2021, a pesar de que o interesado mestura ambas as dúas resolucións e que está referida ás posibles afectacións nas súas propiedades polas actividades do Tecor.

Así mesmo, a emisión de certificados solicitados, tampouco están relacionados co expediente RSCTG 121/2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 7 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, o interesado presentou a solicitude con data do 30 de maio de 2021, e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda resolveu o 22 de setembro de 2021, unha vez transcorrido o prazo dun mes que establece o artigo 27.3 da Lei 1/2016 e cando o interesado xa tiña presentada a reclamación ante esta Comisión, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

Tal e como informa a Consellería, o interesado presentou varias solicitudes dende o ano 2018, dentro das cales, nalgúns delas solicitaba a emisión de certificacións, outras eran escritos de queixa, noutras se solicitaba a elaboración de informes específicos, e noutras acceso a determinada información ou documentación.

As solicitudes referentes a emisión de certificacións, elaboración de informes ou escritos de queixa, como ben se afirma nos diversos informes remitidos pola Consellería, non están amparadas pola normativa de Transparencia, xa non se solicita acceso a contidos ou documentos que estean en poder da mesma, elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións, senón da elaboración *ad hoc* dun documento (certificado ou informe).

Os escritos de queixa, tampouco constitúen procedementos de acceso á información polo que nin sobre os primeiros nin sobre os segundos, pode pronunciarse esta Comisión, por carecer de competencias para elo.

Sobre as solicitudes de acceso á información anteriores á de 30 de maio de 2021, a Consellería informa que xa foron resoltas, concedéndoselle ao interesado acceso á información e documentación solicitada, sen que conste que o interesado interpuxese reclamación ante esta Comisión contra esas resolucións expresas, polo que debe entenderse que as ditas resolucións son firmes.

Respecto da solicitude presentada con data do 30 de maio de 2021, a Consellería ditou resolución con data do 20 de setembro de 2021 inadmitindo a solicitude, por ser a dita solicitude repetitiva de solicitudes de acceso á información xa resoltas e sobre as que se remitiu ao solicitante a información pedida.

Procede analizar agora, se se trata dunha petición repetitiva ou non. En relación a este asunto, e como consta no expediente, o interesado ven presentando solicitudes de acceso á informe dende o mes de novembro de 2018, que foron admitidas, remitíndolle a Consellería a documentación solicitada (referentes ao proceso de constitución do Tecor, cambios de titularidade dos dereitos cinxéticos dos terreos pertencentes ao mesmo, Plans anuais de aproveitamento cinxético, batidas de caza e copias de diversa documentación). A información solicitouse tanto polo reclamante como por unha persoa xurídica da que o reclamante é administrador único.

O Criterio 3/2016 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno sobre as causas de inadmisión de solicitudes de información repetitiva, sinala que para inadmitir tería que coincidir con outra ou outras presentadas anteriormente polo mesmo ou mesmos solicitantes e que fose rexeitada e a resposta adquirise firmeza, ou que xa se lle tivese ofrecido a información e non houberse modificación real ou legal dos datos ofrecidos no seu momento, ou tamén nos casos nos que o solicitante coñecera de antemán o sentido da resolución por térenselle comunicado nun procedemento anterior polo órgano informante. Igualmente sería manifestamente repetitiva se se tratara dun asunto de resposta imposible, ben polo contido ou por razóns de competencia e así se lle notificase e xustificara ao solicitante da información.

No presente caso, a Consellería foi dando resposta a todas as solicitudes de acceso á información presentadas polo interesado, remitindo a documentación solicitada. No presente caso, para considerar a solicitude como repetitiva, cómprese o criterio subxectivo, posto que a petición de información foi formulada polo mesmo solicitante e dirixida ao mesmo suxeito obrigado ao cumprimento e o obxectivo, xa que a solicitude pode considerarse idéntica ou substancialmente similar ás formuladas con anterioridade, que foron contestadas (concedendo o acceso á información, e sen que o interesado presentase recurso contra as mesmas).

Respecto do carácter abusivo da solicitude de remisión do expediente completo do Tecor, o criterio interpretativo 3/2016 do Consello de Transparencia e Bo Goberno establece que o artigo 18.1.e) da Lei, asocia o carácter abusivo da solicitude á condición de que a petición non estea xustificada coa finalidade da Lei, polo que deben darse algún destes dous elementos esenciais para a aplicación desta causa de inadmisión: que o exercicio do dereito sexa abusivo cualitativamente, cousa que non sucede no presente caso, ou que o exercicio do dereito poida considerarse excesivo, é dicir, cando non chegue a conxugarse coa finalidade da Lei.

De acordo co anterior sería abusiva aquela solicitude que se puidese considerar incluída no concepto de abuso de dereito recollido no artigo 7.2 do Código Civil, tal e como interpreta a xurisprudencia, é dicir, cando en caso de ser atendida, requirise un tratamento que obrigase a paralizar o resto da xestión dos suxeitos obrigados a facilitar a información, impedindo a atención xusta e equitativa do seu traballo e o servizo público que encomendaron. Como ten

sinalado o Consejo (por todas, as resolucións 181/19 e 350/19), se ben a interpretación do artigo 18.1 e) da Lei 19/2013 non basea o exercicio abusivo do dereito nun criterio cuantitativo (número de solicitudes presentadas), senón cualitativo (características da solicitudes presentadas e antecedentes da mesma), estes son aspectos que deben cohonestarse en casos como o presente no que o volume da información solicitada, que abarca todas as posibles actuacións da Administración Autonómica sobre un Tecor nun período de mais de vinte anos, é un reflexo do exercicio abusivo do dereito desde unha perspectiva cualitativa.

Como estableceu a Sentenza da Audiencia Nacional do 10 de decembro de 2019 (sala do Contencioso Recurso 00034/2019), a solicitude ten un carácter esencialmente xeral, que implicaría a utilización de importantes recursos humanos e materiais da Administración Pública, en detrimento do normal desenvolvemento do organismo e como xa sinalou a mesma Sala en sentenza do 30 de maio de 2019, (recurso de apelación 1/2019), unha solicitude de información destas características, polo seu volume, extensión, período de tempo, identificación e medios para instrumentar a petición, alén de ocasionar unha disfunción manifesta, non deixa de ser un desiderátum non acorde co espírito e finalidade da normativa de transparencia. Unha solicitude destas características non deixa de ser unha instrumentación da normativa de transparencia que non se acomoda ao espírito e finalidade da norma.

Unha interpretación do dereito de acceso á información pública regulado na Lei 19/2013 que implique un exercicio excesivo e indiscriminado do mesmo, solicitando de forma xenérica, afecta en si mesmo a este dereito, excedéndose do obxecto e finalidade da propia norma. Así, debe lembrarse que é a protección do interese xeral na transparencia pública, como ben común da nosa sociedade, a que debe prevalecer fronte a solicitudes de información que perseguen outros intereses que non encaixan na finalidade perseguida pola Lei, e por tanto, non poden ser considerados superiores.

Engadido ao anterior, a solicitude exposta debe analizarse desde a perspectiva do control da acción da Administración e a rendición de contas polas decisións públicas, que aparece cumprida no presente caso, mediante a remisión pola Consellería da distinta e variada documentación que se foi remitindo ao solicitante.

Por outra banda, o interesado insiste en que no expediente do Tecor debe figurar determinada documentación que de non existir, demostraría que o Tecor está constituído ilegalmente, e que parece ser o obxectivo das súas solicitudes e reclamacións, e sobre os que a Consellería xustifica que non debe existir, en base á normativa aplicable en cada momento ao Tecor.

De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce

a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias. Por tanto é necesario para ter dereito ao acceso, a existencia real e efectiva dun contido ou documento que figure en poder do suxeito obrigado con ocasión do exercicio das funcións que ten encomendadas, polo que procede desestimar a reclamación que pretenda acceder a documentos inexistentes, e iso con independencia da valoración particular que dita inexistencia poida merecer ao reclamante, dado que a esta Comisión non lle corresponde revisar se unha determinada información debería ou non existir, nin axuizar a corrección xurídica da eventual carencia da mesma.

De acordo co anterior, procede a desestimación da reclamación presentada, polo que en base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por ██████████ contra a desestimación inicial por silencio administrativo de varias solicitudes á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de emisión de certificacións e aportación de copia de documentación referida ao Tecor ██████████ e contra as resolucións do 20 e 24 de setembro de 2021, pola que se inadmite e convalida respectivamente, a súa solicitude de acceso á copia completa do expediente do Tecor.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.10.28 12:10:35 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.